WIKIPEDIA

Lingua finesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **finés**[1] é, xunto co estoniano e o húngaro, unha das principais linguas discordantes dentro do monótono panorama indoeuropeo do vello continente. Emparentada fortemente co estoniano e distribuída fundamentalmente en Finlandia, a súa norma estándar baséase principalmente nas variantes xeográficas meridionais, pois antigamente tomábase como referencia a lingua da capital daquela, Turku. Con fortes contactos e influencias do sueco, o rexurdimento da lingua é recente e deuse a raíz da publicación do Kalevala.

Finés 'suomi'	
Falado en:	Finlandia, Suecia, Noruega, Rusia, Estonia
Rexións:	Finlandia
Total de falantes:	6 500 000
Posición:	Non está entre os 100 primeiros [1] (http://www.davidpbrown.co.uk/help/top-100-languages-by-population.html)
Familia:	Linguas urálicas Linguas ugrofinesas **Finés**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Finlandia Unión Europea
Regulado por:	Instituto de estudios de linguas de Finlandia
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`fi`
ISO 639-2:	`fin`
SIL:	`fin [2] (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=fin)`

Índice

Ortografía e fonoloxía: harmonización

Debido á súa tardía normativización e á súa falla de continuidade con tradicións escritas previas, a ortografía do finés estandarizouse moi recentemente e non ten tendencias etimolóxicas, senón que tende claramente a representar fonoloxicamente a fala. A lingua ten oito vogais e trece consoantes, o que a coloca entre as linguas europeas con menos fonemas. As vogais palatais son *i, e, a, ä* da zona central e *o, ö, u, y* pola rama velar. Tódalas vogais centrais e velares pódense clasificar en parellas cun elemento non labializado (*a, o, u*) fronte a outro elemento redondeado (*ä, ö, y*). Isto adoita influír no tipo de sufixos que se lle aplican a cadansúa raíz, pois habitualmente os sufixos teñen dous alófonos segundo as vogais que aparezan na raíz. Cando a raíz está composta só por vogais do grupo *a, o, u*, o sufixo aparece coma un alófono, mentres que se aparece tamén calquera outra vogal, aplícase o outro alófono: a esta característica chámaselle harmonización. Por exemplo, o sufixo *-lainen*

/ *-läinen* aplícase para crear xentilicios, profesións e substantivos para persoas referidas ó concepto da base, e polo tanto:

- cando se aplica á palabra *Suomi*, 'Finlandia', resulta *suomalainen*, 'finlandés';
- cando se aplica á palabra *meri*, mar, dá *meriläinen*, 'mariñeiro';



Canto ás consoantes, o máis singular é a ausencia dalgunhas (dalgúns fonemas consonánticos) moi habituais nas linguas románicas ou da nosa contorna máis xeral: o finés por exemplo carece de *b* (só *v*) ou de *f* (agás empréstitos).

Notas

1. O DRAG só admite **finés** para o idioma. E **finlandés**, xunto con **finés**, para relativo ou pertencente a Finlandia.
   Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/finés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/finés) para *finés*. e Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/finlandés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/finlandés) para *finlandés*.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua finesa***

Ligazóns externas

- Introdución á lingua finesa (https://web.archive.org/web/20120621214337/http://sys.uvigo.es/ldm/Fines/Inicio) na web *Linguas do mundo e tipoloxía lingüística*, da Universidade de Vigo.